



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A Lei 40/2015 e o exercicio da competencia administrativa: manual para a desconcentración, delegación, avocación, encomenda e suplencia

CONVOCATORIA: Curso monográfico A Lei 40/2015 e o exercicio da competencia administrativa

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	14
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 23/02/2019 - 08:00h ao 05/03/2019 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIVIA TRILLO, PAULA [paula.olivete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as competencias exercitaranse por aqueles órganos que as teñan atribuídas como propias.

Con todo, esta mesma norma prevé, ao mesmo tempo, a posibilidade de acudir a técnicas de modulación competencial co fin de axilizar o funcionamento da Administración, incrementar a eficacia da súa actuación ou achegar a xestión pública ao cidadán. Estas figuras, que permiten flexibilizar este principio de irrenunciabilidade da competencia, son: a desconcentración, a delegación interorgánica, avocación, encomenda de xestión, delegación de firma e suplencia.

Poden, así, destacarse como obxectivos xerais do curso os seguintes:

- Estudo dos elementos que integran a competencia administrativa.
- Análise das distintas figuras de modulación competencial e o seu réxime xurídico.
- Exame dos vicios que poden afectar o acto, derivados dun defecto competencial, e as súas consecuencias.

Como obxectivo específico estudaranse situacións concretas que pode xerar a actividade administrativa cotiá, e que poden facer conveniente o uso destas técnicas: en especial, a delegación e a suplencia.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Os temas principais de estudo e análise deste curso poden clasificarse nos seguintes módulos:

- Módulo I. A competencia e os seus elementos. Vicios de competencia e efectos.
- Módulo II. Desconcentración: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo III. Delegación. natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo IV. Avocación: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo V. Encomenda de xestión: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo VI. Delegación de firma: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.
- Módulo VII. Suplencia: natureza, suxeitos, requisitos e efectos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación de solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Tal como dispón o punto 6.3 da convocatoria:

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo aos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 11/03/2019 a 12/03/2019

NUM. PRAZAS: 70

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Joaquin Meseguer Yebra

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 5: O día 11 de marzo de 10:00 a 14:00. O día 11 de marzo de 16:00 a 19:00. O día 12 de marzo de 10:00 a 14:00. O día 12 de marzo de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA